Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: anárquico-independente de Ons **/ Saída:** cando lle peta **/ Prezo:** cunca albariño caseiro **/ Coordina:** Tinóns

Nº117/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de decembro/ Estado de Nadal

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

23 anos da catástrofe do Prestige. Existe un protocolo de prevencións? **Páx. 1**

Cuarta entrega do traballo de Vicetto. AUNONA. **Páx. 2**

Andaina coa Compaña en Noalla. Chegará ata Ons? **Páx.2** Debuxo: Davila. Faro de Vigo

Juan Castiñeiras e Antonio Bugallo, na: *42 Semana Micolóxica Galega*. **Páx. 4**

Derrubaron a magnifica caseta de Información. E, agora que? **Páx. 3**

2026 Ano do centenario do Faro de Ons. **Páx. 8**

O libro de Manel Loureiro, será levado ao cine. **Páx. 4**

Rafael Quintía, sobre as declaracións de Bertín Osborne. **Páx. 5**

Pedirán asesoramento para a nova pasarela a Area dos Cans? **Páx. 7**

Cámping de Ons. Mellor cámping de España en zona natural. **Páx. 7**

Historia do lume en Ons: Campistas. **Páx. 6**

Moito hai que modificar no Catálogo de Bens de Valor Cultural do Litoral de Ons. **Páx. 6**

23 ANOS DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE ***(19/11/2025)***

Cando isto escribo, 19 de novembro 2025, as primeiras pelotas de chapapote, hai 23 anos, xa estaban chegando a Ons. Dende a Asociación Veciñal, deron a voz de alarma, pero a preocupación estaba en que facer co petroleiro, que navegaba de norte a sur sen saber que medidas tomar.

Tal día como hoxe, o 19 de novembro de 2002, partiuse en dous e afundiuse, deixando un mundo de chapapote por toda a costa galega.

O goberno, nin de Madrid e moito menos o de Galicia, sabían que facer, e iso, que por experiencia non debía ser: Polycommander, Urquiola, Andros Patria, e Aegean Sea encheron de petróleo a costa galega dende 1970 e, aínda así, os nosos políticos, nada aprenderon.

Preguntamos: Aprenderían agora algo despois de 23 anos da maior catástrofe ecolóxica nas nosas costas?

Sería interesante que, tan pronto saíra este Onstopus, alguén lle pedira, tanto a Sánchez, pero sobre todo a Rueda, que é quen ten as competencias, que puxera sobre a mesa, que medidas adoptarían nestes mesmos intres, se ocorrera algo parecido ao do Prestige, sen esquecernos de preguntar á Directora Xeral de Patrimonio Natural, que accións emprenderían nas illas do Parque Nacional, sobre todo, aquelas que están máis expostas (Cíes, Ons e Sálvora).

Coido que a resposta sería negativa, é dicir, non terían nada que poñer sobre a mesa. Case podemos asegurar, que non teñen ningún tipo de protocolo de actuación, e ocorrería o mesmo ou peor que co Prestige.

Polos medios sabemos que un importante número de petroleiros e barcos con cargas perigosas, seguen pasando a carón da nosa costa, algúns en dubidoso estado, pero as autoridades, seguro, non teñen tomado medidas de **PREVENCIÓN**, esa é a palabra clave en Danas, Incendios,..., e máis Catástrofes. ***Enlace sobre o Prestige en Ons en Onstopus nº 20 de 2020***

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/20/onstopus-20.pdf

Arriba: Veciños aunienses participando na limpeza da súa illa.
Abaixo: Autoridades, presididas polo Príncipe Felipe e Fraga, na praia de Canexol o 16 de decembro de 2002.

RECORDATORIO DAQUELA TRAXEDIA. ***Voluntarios do Prestige en Ons*** *Facebook 18/11/2025. Anxo Cabada*

Heroes anónimos en Ons!

Da traxedia do Prestige, que xa van alá máis de 23 anos , queda no recordo no medio da tristura, todas aquelas persoas que deixaron todo, e puxeron xenerosamente as súas mans a defender a terra e o mar, da marea negra.

A non esquecer, sempre hai esperanza…

Foto e texto de Anxo Cabada, autor, xunto a Antón Davila do documental: " A última dorna de Ons".

Pola falla de PREVENCIÓN, que catástrofe será capaz de destruír tanta beleza.

AUNONA (IV)

Con estas dúas, dou remate as follas seguintes do traballo de Benito Vicetto "*Los Reyes Suevos de Galicia*". Segundo me dixeron, son as únicas, deste traballo, que falan de AUNONA, esa cidade que se atopaba dentro da Illa de Ons.
Aquí cóntannos como, despois do mundo de pedras e frechas que se lanzaron dende a Illa, Remismundo foi ferido, precisamente, por unha pedra lanzada con unha fonda. Ao darse conta que a Illa era inexpugnable, solicitou a paz.
Coido que estas últimas páxinas deberían ser ben estudadas polos políticos actuais da Xunta, e así ver se baixan do seu autócrato trono e teñen a ben dialogar cos veciños para solucionar as problemáticas máis perentorios: Luz as 24 horas, auga en todas as vivendas, saneamento, camiños, arranxo das edificacións anexas,...., e propiedade das casas.



— 65 —

renos y apacibles, se lanzó con su ejército á los trasportes.

El embarque se hizo pronto y bien; la travesía rapidamente; la mar estaba bellísima; y ni la mas ligera nube empañaba el azul limpio del firmamento.

Sin embargo, al tocar en la isla, al intentar el desembarco, fué tal el huracan de flechas y piedras que cayó sobre los trasportes que los invasores tuvieron que retirarse dobleniente espantados.

El mismo rey Remismundo salió herido de una pedrada en un brazo, lanzada con honda.

Cerciorado el monarca suevo por sí mismo de cuán imposible era subyugar á Aunona, despues de haber perdido lo mejor de su ejército en vanas tentativas, solicitó la paz al cabo de tres años de cerco.

Los obispos no impusieron mas condicion sino que les dejara ejercer el poder espiritual sobre los cristianos católicos; y Remismundo la aceptó prometiendo suspender sus hostilidades contra ellos, (1) pero reservándose el poder temporal

(1) *Aunonenses pacem cum rege faciun suevorum.*

— 66 —

sobre todos, así suevos como caláicos.

Por aquel tiempo murió Theodorico II de los godos, por conjuracion de su hermano Eurico que le sucedió en el trono; el cual determinó concluir de una vez suevos y romanos, arrojándolos para siempre, de España.

El rey Remismundo convoca sus gentes de guerra, y se lanza á Braga y de Braga á Lisboa con ánimo de oponérsele en la Lusitania.

El rey godo Eurico formó dos ejércitos: el mando de uno lo dió al conde Ganteri, encargándole la conquista de lo que los imperiales poseian aun en la España Tarraconense: y el mando del otro lo reservó para si, adelantándose sobre lo que tenian los suevos en la Lusitania.

El rey Eurico que vió la actitud defensiva que tomara el rey Remismundo, no se atrevió á atacarle decididamente por no esponer á la suerte de una batalla lo que tenia seguro alcanzar con algunos encuentros parciales.

Entretanto, el conde Ganteri sometió la Navarra, Aragon, Cataluña y Valencia, espulsando para

NOALLA: ANDAINA COA COMPAÑA

No mes de defuntos realizan, na parroquia de Noalla, unha ***Andaina coa Compaña***, unha procesión de ánimas.

Saen do parking da Lanzada e percorren, pola costa, o espazo que hai ata a ermida da Lanzada, dende onde se divisa perfectamente a illa de Ons.

Ons, e a zona costeira de Noalla, están dende sempre moi ligadas na súa historia, e se falamos da Santa Compaña, moito máis aínda, pois, a Compaña, que noutros tempos moito andaba pola Illa, sen embargo, non tiña morada nela, achegábase a Ons dende Noalla, concretamente, dende a zona da ***ermida da Lanzada*** ou dende a "***Igrexa de Requeixo***", unha pequena cova ou furna, que se atopa na zona de rochas da parte norte da praia de Major e da que me teñen falado na Illa.

Unha interesante iniciativa cultural, que apoia esa harmonía que sempre houbo entre Noalla-Salnés e a Illa de Ons.

Foto da esquerda: Así era a caseta de información nos anos 90 s. XX, cando construíron un excelente muro de pedra e nel unha pequena caseta que servía para información e toma de datos aos campistas.
Foto da dereita: Realizan unha extraordinaria renovación desa caseta, moi ampliada e supoñemos que, con todos os servizos necesarios para que os membros da administración realizaran o seu traballo. Así era ata 2025.

De súpeto, os políticos da Xunta (Consellería de M. Ambiente), deciden transformar o barrio de Curro. Os veciños, como se non existiran, pois non participaron nin lle pediron opinión sobre ese "proxecto" e, sen máis, comezan unhas obras, cun bo retraso ao prometido, eliminando espazos e obras que estaban, non imos a dicir perfectos, pero si xa asimilados despois de anos dende que foron construídos (tamén realizados con bastantes críticas no seu momento pero defendidas polos que hoxe van cambialas) e, coas importantes necesidades que ten Ons, gastan unha porrada de cartos, eliminando obras perfectas, que quizais necesitarían algún arranxo puntual, pero, para poñer que.... (estaremos pendentes).
Fotos: Aí vemos a destrución do magnífico espazo que podemos ver na foto de arriba á esquerda

CASETA DE INFORMACIÓN DA ILLA DE ONS
Dende logo, as actuación que a ***Dirección Xeral de Patrimonio Natural*** leva na Illa de Ons, son incribles. Supoñemos que solicitaron unha axuda á Axencia de Turismo de Galicia para realizar un Proxecto de Acondicionamento en Ons, concretamente no barrio de Curro. Os que coñecemos a Illa, estamos quedando abraiados do que están a facer. Xa falamos do Pavicéspede. Logo do cambio das baldosas do camiño principal, por lastras de granito. E agora, tiran a caseta de información, para min dun deseño perfecto, para....
O estraño é que, concello de Bueu e As. Veciñal nada digan ao respecto... ***Comentarémolo en próximos Onstopus...***

Juan Castiñeiras

Antonio Bugallo

42 SEMANA MICOLÓXICA GALEGA

Na Coruña tivo lugar a corenta e dúas Semana Micolóxica de Galicia. Nela participou o noso micólogo e cociñeiro de cabeceira ***Juan Castiñeiras*** acompañado do tamén cociñeiro Antonio Bugallo que protagonizaron un Showcooking de cogomelos e unha charla micolóxica. A historia durou dous días, con estes menús:

1º día.- Empanada de millo branco con cogomelos de prado (Macrolepiotas e Agaricus), con mexillóns e chourizo do Deza. Xabaril estufado ao forno con Suillus e Lactarios, con patacas de Coristanco. Filloas de Russula cyanoxhanta en po. Regados cun viño branco do val de Poio, especiado con Cantarelas e Craterellus.

2º día.- Crema de cogomelos con cítricos e noces do país. Tempura de diversas especies de cogomelos, con crema de queixo e Craterellus en po. Lambisco espetados de Suillus bovinus caramelizados con zume de coco en cobertura de chocolate 80% cacao. Augardente de bagazo de tinto Barrantes macerado con Craterellus lutescens, flor de sabugueiro e herbas aromáticas.

A maiores, presentaron un vinagre balsámico de tinto de Barrantes (made in Juan Castiñeiras) con Cantarellus cibarius, macerando Boletus edulis frescos en carpacio.

Entre as charlas ofrecidas, destacar a presentación das propiedades tintoras do Pisolithus na cociña galega.

Juan Castiñeiras, ao que coñecín en Ons, é un experto micólogo e gran divulgador. Unha persoa máis coa que se podería contactar para unha Ruta Micolóxica pola Illa de Ons.

"*CUANDO LA TORMENTA PASE*" ***25/11/2025***

De novo, volvo a traer a este minixornal dixital o libro de Manel Loureiro, por certo, <Premio de Novela Fernando Lara 2024>. Polo lido no Diario de Pontevedra e asinado por Clara Aldán, o 25 deste mes de novembro, onde nos di que: "*A obra do pontevedrés se trasladará á pantalla*".

A novela foi, para min, moi entretida, dixerina nunha tarde-noite. Segundo nos conta Clara: "*El escritor explicó este domingo en el programa radiofónico <Vermú con Ser> que su novela "*Cuando la tormenta pase" *se convertirá próximamente en una miniserie".* Sobre esa posible miniserie, non indica onde será gravada e en que plataforma será proxectada. De ser certo o comentado por Clara, sería interesante se gravara, ao igual que fixo Manel para inspirarse, na propia Illa de Ons.

Outra vez vemos que Ons volve a "*estar en el candelero*", o que demostra a súa importancia a nivel social e cultural, cousa que, polo que se mira, non inflúe nos responsables do Concello de Bueu e da D. Xeral de Patrimonio Natural, que non fan nada para potenciar a Cultura desta illa pertencente a un Parque Nacional.

Por que non programan un/ha: Día das letras de Ons. Semana da Cultura etnográfica de Ons. Premio anual sobre investigación etnográfica ou histórica da Illa. Rutas, fóra de tempada, sobre peculiaridades que fan de Ons, unha illa especial? ...

Poderiamos dar máis ideas, pero, como xa as levamos dando dende hai anos e nada fan, só queda esperar que haxa cambios políticos e con eles, novas ideas e proxectos.



Rafael Quintía

Ondas no santuario da Lanzada, no Salnés.

—Análise

Cosmovisión, rito e Bertín Osborne

Rafael Quintía
Antropólogo

A verdade é que a polémica das desafortunadas declaracións de Bertín Osborne sobre o rito da fertilidade das nove ondas da Lanzada colleume por sorpresa, pois vexo pouco a televisión e tampouco teño ao Sr. Osborne como un dos meus principais referentes cultuais a seguir. Máis alá do comentario saído de ton, da excrecencia verbal de macho ibérico caduco e das risas cómplices da presentadora Eva Iglesias, o tema ten moita máis chicha do que parece a priori.

Que Bertín Osborne, que non é galego, non entenda e non respecte o valor antropolóxico dunha tradición fondamente arraigada na nosa cultura e que, como tal, reflicte parte da nosa cosmovisión como pobo podo chegar a entendelo. Xa se sabe, non está feito o mel para a boca do asno. O que xa me custa máis dixerir é que estes comentarios despectivos para coas nosas tradicións e crenzas se faga dende un programa, *A miña gran cidade*, pagado cos meus cartos e nunha televisión pública que debería ter nos seus fins a promoción e valorización da cultura propia e non a mofa, folclorización e degradación da cultura galega ata convertela nun chiste.

Tampouco entendo que unha presentadora, muller e galega, non se sinta dobremente ofendida e lle aplauda a estupidez ao macho semental en vez de pegarlle un corte que o deixe seco, tan seco como debe estar o chintófano do que tanto se gaba o touro de Osborne. Todo o feito faime vir á memoria un debuxo de Castelao, aquel no que un cacique con aires de voitre famento lle di a un paisano "A túa filla xa será unha moza, eh?". A diferenza entre o acontecido e o que reflicte o debuxo de Castelao é que o paisano da lámina sabe que está sendo aldraxado e por iso apreta con rabia a boina entre as mans e mira con ollos de odio e impotencia por non poder fenderlle a alma cun machado ao fidalgo pervertido. No caso que nos ocupa, non só non sé é consciente de que estás sendo insultado senón que aínda te ves na obriga de reforzar e rir a aldraxe. E iso é sintomático de que algo falla no autoconcepto e na valorización da identidade propia de quen permite e realiza este tipo de programas. Algo máis profundo que a simple ignorancia ou a estupidez é o virus da autoxenreira daquel que asumiu e aceptou a minorización da súa cultura, daquel individuo ou colectivo alienado da súa propia identidade colectiva, daquel que foi colonizado culturalmente co seu consentimento e complicidade. Así que trabuqueime o outro día cando nunha entrevista que me fixeron na RG dicía que tan estúpido era o que o di como o que lle ri a graza. Reflexionando agora, penso que non, que é peor o segundo, o que o consinte e aplaude.

> — Algo máis profundo que a simple ignorancia ou a estupidez é o virus da autoxenreira daquel que asumiu e aceptou a minorización da súa cultura

O meu desacougo co acontecido non vén polo chiste de Bertín, nin sequera porque nos riamos de nós mesmos, algo bo, san e necesario. A preocupación vén pola pouca sensibilidade demostrada polo cantante, a presentadora e a TVG de cara a entender, valorar e transmitir a fondura da nosa cultura e todo o que se agocha detrás dun rito como o do baño das nove ondas. O pouco respecto á diversidade cultural, empezando pola propia. Así que vou tentar transmitir en catro liñas o valor cultural destas prácticas.

O rito das nove ondas

As sociedades agrarias sempre foron pronatalistas, os fillos facían falla como man de obra da unidade económica doméstica e para coidar dos pais chegados á vellez. Así que a procura da fertilidade foi fundamental para a supervivencia deste tipo de sociedades, como foi a galega ata hai unhas décadas. Ademais, nas Rías Baixas adoitan herdar a casa e gran parte das terras as mulleres, e a pauta de residencia é matrilocal. Polo que moitas mulleres non precisaban dun home para subsistir pero si precisaban de fillos para axudar na casa e ter conta delas no futuro.

O santuario da Lanzada e os seu poder fertilizante, ben polas ondas do mar ben polas noites de troula nos nove días que duraba a romaría, era unha opción válida e eficaz para empreñar e ter a necesaria descendencia. Por outra banda, a infertilidade, sempre atribuída inxustamente á muller, considerouse unha sorte de maldición, de posesión maligna que causaba temor e grandes preocupacións. Así que toda alternativa era considerada para poder expulsar ese mal, recuperar a orde natural do cosmos e acadar a fertilidade perdida. Pois sen descendencia non hai futuro para o grupo social.

Por iso o mundo simbólico da relixiosidade popular, da etnomedicina e da maxia estarán sempre presentes nesta prácticas curativas e o ritual amósasenos, así, como unha forma de comunicación con esas supostas forzas das que depende a vida nun intento de xestionalas ao noso favor. Por iso o rito das nove ondas é algo máis ca unha simple tradición, é un complexo texto simbólico onde están imbricada as nosas crenzas, o noso xeito de salvagardar a saúde, a nosa percepción do ben e do mal, os nosos valores e prexuízos e os nosos sistemas económicos, sociais e de parentesco. En definitiva, unha marabillosa mostra desa nosa forma de ver o mundo, de ordenalo e de vivir nel. Da nosa cosmovisión. Así que, pouca broma.

COMENTARIO, CON RELACIÓN AO ESCRITO NO ANTERIOR ONSTOPUS E TITULADO: "OS SEMENTAIS"

No anterior nº 116, na súa páxina 8, falaba sobre o programa da TVG, "A miña gran cidade", onde o invitado facía unhas declaracións desafortunadas sobre o rito do <Baño das Nove Ondas da Ermida da Lanzada>.

Apuntaba ao final que, nun principio, o deixaba nunha simple nota sobre o tema, pois penso que hai un bo número de persoas, relacionadas coa parroquia de Noalla e estudosos sobre etnografía, que serían os que, dun xeito máis preciso e autorizado, teñen que opinar sobre eses desafortunados comentarios, dun ancestral rito e con tons machistas.

Con enorme alegría, recibín este artigo de prensa do antropólogo Rafael Quintía (colaborador da revista Aunios e precisamente sobre o tema da Lanzada) que me enviaron e que saíu publicado no periódico Nós o 22/11/2025, onde fai unha análise sobre o, para min, vergonzoso comentario de Bertito no programa da TVG que, como pensa Quintía, é pública e pagámola todos, para vir a meterse coas nosas ancestrais tradicións galegas.

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (V)

No anterior capítulo (Onstopus nº 116), falaba do deixamento da administración e políticos por atallar os lumes na década de 1980, e como buscaron fórmulas para eludir responsabilidades, entre elas, mirar de inculpar deses lumes aos veciños e campistas. Xa falei do tema veciñal, agora tocarei o dos campistas.

O campismo, ata 1985, non tiña regulamentación e se acampaba en calquera zona da illa, sempre e cando os veciños deixaran, aínda que moitos escollían, para evitar problemas, o *pinal* de Chan da Pólvora e Melide. A principios da década de 1980 créase o Parque Natural das Cíes e o cámping pasa a ser o único xeito de acampada nelas, o que produciu unha avalancha de campistas cara a Ons, ao ser o único lugar de Galicia con acampada libre.

A illa carecía de servizos de abastecemento, sobre todo de bombonas de cámping gas, o que provocou que o lume fose a alternativa para poder cociñar, aínda que tamén as fogueiras nocturnas estaban á orde do día.

Penso, que había bastante responsabilidade entre os campistas á hora de facer e apagar as fogueiras, aínda que, moitas veces non quedaban del todo apagadas e, ao marchar cara a algún outro punto da illa, polo efecto do vento ou calquera outra circunstancia, puido provocar algún incendio, como de feito ocorreu, pero, non o podemos encaixar no grupo de intencionados, si, no de descoidos.

Dende logo, eu que vivín o campismo, nos primeiros anos por experiencia propia, e os demais, por relación cos amigos que escollían ese xeito de pasar as súas vacacións en Ons, podo asegurar que culpar aos campistas dos graves incendios dos anos 80, é un xeito, de novo, de eludir responsabilidades por medio da administración, xa que, podían controlar esas fogueiras perfectamente e evitalas. Non prepararon os medios para que puideran facer lume para cociñar en lugares adecuados. O xurdir dun incendio, era perigoso para os propios campistas. ... E, aínda cando regulamentaron o campismo no 1984 creando dúas zonas de acampada en Chan da Pólvora e Melide, a administración non foi quen de controlar as medidas que eles mesmos impuxeron, só tomaban os datos ao chegar e ren máis, non había unha vixilancia para evitar posibles malas actuacións por parte dos acampados.

En resumen, sosteño a idea que, agás algún descoido e que era rapidamente controlado, os campistas, si sufriron nos seu bens os efectos dos incendios, pero non eran os que o provocaban.

No seguinte capítulo, tocarei o tema do lume a partires da década de 1990

Esquerda: Zona de Acampada de Chan da Pólvora, bastante limpa e coas tendas agrupadas. Facer un lume era perigoso para todos. de aí o seu control e vixilancia por parte dos campistas.
Dereita: Zona de Acampada de Melide. Un incendio, que veu dende Cova da Vella, arrasou toda a acampada, quedando reducidas a cinzas as tendas e as pertenzas dos acampados. Tal foi así, que os que se atopaban na praia, nudista, quedaron co posto, é dicir, en pelotas.

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL DE GALICIA. "Illa de Ons"

Xa rematou o prazo de alegacións. Como comentaba no anterior Onstopus nº 116, páx. 2, Ons pola súa extensión, debería estar en todo o seu conxunto, nese Catálogo de Bens, aínda que, habería que comprobar por especialistas, en que medida ía a repercutir, positiva ou negativamente, sobre a illa e os seus veciños. Espero que o Concello de Bueu, a Asociación Veciñal e algunha persoa interesada, presentara algunha alegación, se é que o consideraban conveniente.

Eu xa fixen as miñas suxestións no anterior número, entre as que estaba, que entraran no Catálogo os piornos de diante da antiga casa agrícola e a capela un pouco máis arriba e, sen embargo, non entrara a propia casa agrícola e os dous magníficos piornos, que quedan no medio. ***Ver foto á esquerda*** **Páx. 6**

CÁMPING DA ILLA DE ONS. ***PARABÉNS!!!***

A última semana do mes de novembro de 2025, deu unha alegría a todos os que levamos a Ons no corazón, pois o seu Cámping recibía o excelente galardón de "***Mellor Cámping de España nun Espazo Protexido***".

Xa comentaba no Onstopus nº 115, na súa páxina 2, que o cámping de Ons era finalista neste prestixioso concurso, e que fora elixido entre os 18 mellores de máis de 1.000 cámpings de España.

O xoves 27 de novembro foi a gala, e resultou gañador. Só podemos dicir **PARABÉNS** á empresa xestora e para á súa directora e traballadores.

Este cámping, xa tivera un bo comezo, cando no 2016 a Xunta concedeulle o "***Premio Galego de Arquitectura, pola súa sostenibilidade***".

Deixo, ao final desta nota, os enlaces periodísticos da noticia, por se queredes saber máis, pero quero engadir algo máis. Os Parabéns van para, non só a súa Directora Executiva, senón para todo o equipo que logrou formar e que dá vida a este proxecto.

Á vez, hai algo que non estaría de máis aclarar, como é, a longa loita que leva este ***Cámping*** para saír adiante, e non só para conseguir que sexa o mellor de España nun Espazo Natural (Ons é un Parque Nacional) senón que, para conseguilo, tivo que batallar, durante moitos anos, cos que deberían apoialo nesta angueira, e que, sen embargo, só lle puxeron obstáculos, aínda que agora sexan os primeiros en felicitar.

Espero que esa mala etapa xa pasara e que todo sexa, como debería ser dende sempre, ***diálogo e concordia*** para conseguir que o Parque Nacional das Illas Atlánticas, sexa un referente en todos os seus aspectos.

https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2025/11/29/goya-campings-zona-acampada-ons-124252796.html
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/2025/11/29/ons-mejor-camping-entorno-natural-espana/0003_202511P29C4997.htm
https://www.diariodepontevedra.es/articulo/o-morrazo/camping-isla-ons-gana-goya-campings/20251128184113142060.html

Adjudicada una nueva pasarela en la playa de Area dos Cans

BUEU / LA VOZ

La Axencia de Turismo de Galicia, dependiente de la Xunta, adjudicó la construcción de una nueva pasarela de madera que permitirá el acceso a la playa de Area dos Cans, en la costa este de la isla de Ons y dentro del Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia. Según figura en la plataforma digital de la Xunta, esta obra se adjudicó a Construcciones y Obras Taboada Ramos, por 292.652 euros y cuenta en un plazo de ejecución de cuatro meses. De esta forma, este nuevo acceso a la playa insular podrá usarse ya en la temporada de verano, cuando Ons se convierte en uno de los destinos más concurridos por los turistas y la playa de Area dos Cans en particular, al estar prácticamente contigua al núcleo de Curro, que el principal de la isla buenense.

Pasarela de Area dos Cans ***3/12/2025***

Tocaba o tema no Onstopus 116, na súa páxina 4. Agora vén de saír a noticia de que está adxudicada a nova pasarela e que se fará en catro meses.

Despois de saír a anterior nota sobre este tema, recibín algún e-mail, que considero interesante, pero que non quixen reproducilo aquí. Aos que os enviaron, comenteilles que sería importante que esas suxestións as enviaran por escrito á Consellería, D. Xeral de Patrimonio Natural ou en Parques, para que non sexa sempre eu o que notifico as actuacións inadecuadas, que sexan os propios que as sofren.

Hoxe día 3 de decembro é o ***Día Internacional das Persoas con Discapacidade***. Esa pasarela, no seu día, dixeron que era para facilitar a chegada á praia a estas persoas, pero, contactaron con elas para preguntar e asesorarse mellor á hora de facer a pasarela e ver se era adecuada, por exemplo, para unha cadeira de rodas?

Agora van substituíla por outra, disque que mellor e máis apropiada para estas persoas. Desta, contactaron con algunha Asociación para que lles informaran do tema e ver a súa idoneidade e demais problemáticas? Se así foi, sería interesante que nos medios saíra, para comprobar que se fan as cousas con cabeza.

Así chegou a estar a pasarela nalgún ano. No se aprecia o empinado da costa a subir, pero si o chanzo a saltar ao chegar á área.

Esperemos que desta se asesoren ben e busquen solucións axeitadas para estas persoas.

Xa queda menos para que entre o 2026, ano que celebrarei o meu CENTENARIO, dende a última gran remodelación.
Espero que se rememore por todo o alto e que sexa o intre en que, as administración e organismos competentes, declaren cal vai ser o meu futuro que, como xa teño indicado, gustaríame, a carón de seguir servindo aos mariñeiros como **Sinal Marítimo Automatizado**, que o meu interior acolla un **Gran Centro Cultural**.